



Guía Docente

Datos Identificativos					2012/13
Asignatura (*)	Educación de menores en desprotección e conflito social		Código	652G03016	
Titulación	Grao en Educación Social				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6	
Idioma					
Prerrequisitos					
Departamento	Pedagogía e Didáctica				
Coordinación	Iglesias Galdo, Ana María	Correo electrónico	ana.iglesias@udc.es		
Profesorado	Cruz Lopez, Laura Iglesias Galdo, Ana María	Correo electrónico	laura.cruz@udc.es ana.iglesias@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>Menores en risco, en desprotección, en desamparo, en desadaptación, en conflito social; diferentes expresións para visibilizar procesos caracterizados polas dificultades, necesidades ou conflitos que limitan as posibilidades de estas outras infancias para participaren na sociedade da que forman parte, facendo necesaria a intervención da entidade pública. Comparten o feito de ser suxeitos fráxiles (Varela e Álvarez-Uría) ao teren en común certa exclusión, polo menos parcial, da consideración de normalidade; co agravante de que esa situación social non se reparte por igual en función da estratificación social, senón que se agudiza na zona onde se acumulan os hándicaps económicos.</p> <p>Dado que unha das saídas profesionais "clásicas" da educación social remite a este ámbito, pretendemos asegurar que o alumnado conquira aqueles coñecementos que, pola súa especificidade, non serán traballados noutras asignaturas.</p> <p>Comezaremos apelando á historia para descubrir as regras de constitución da chamada infancia en desprotección e conflito social, así como as diferentes repostas institucionais que se deseñaron para atendela.</p> <p>Afondaremos no marco lexislativo actual, cuestionando a aparente neutralidade das categorías xurídicas creadas para designar estes procesos sociais, e facendo especial fincapé na urxencia de visibilizar a súa dimensión social fronte á individual.</p> <p>Unha vez definido o marco xurídico, e desde unha mirada pedagóxica, achegarémonos ós contextos sociais que colocan ós menores de idade en situacións vitais de especial vulnerabilidade, deténdonos en dúas institucións educadoras: as familias e as escolas, pero sempre en conexión coas actuais políticas sociais.</p> <p>Para finalizar, articularemos o aprendido traballando por proxectos a educación social, contribuiremos a adquisición daquelas destrezas e competencias profesionais que posibilitan un óptimo exercicio profesional, e destacaremos as posibilidades educativas dos centros de menores apostando por unha investigación educativa crítica que garanta un maior benestar para a infancia e, por ende, un maior grao de xustiza social. Este é o noso reto que, esperemos, faga seu o alumnado.</p>				

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes.
A2	Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións.
A3	Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa.
A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A8	Aplicar metodoloxías educativas e dinamizadoras da acción socioeducativa.
A9	Deseñar e desenvolver proxectos, programas e servizos nos diferentes campos de intervención profesional promovendo a participación e o desenvolvemento comunitario.
A12	Mediar en situacións de risco e conflito.
A14	Identificar e emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional.
A16	Comprender a traxectoria da Educación Social e a configuración do seu campo e identidade profesional.
A20	Desenvolver unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos.



B2	Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.
B3	Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade.
B4	Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)		Competencias da titulación	
Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes	A1		
Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións.	A2		
Analizar as políticas de benestar social e a lexislación que sustentan os procesos de acción socioeducativa	A3		
Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa	A5		
Aplicar metodoloxías educativas e dinamizadoras da acción socioeducativa.	A8		
Deseñar e desenvolver proxectos, programas e servizos nos diferentes campos de intervención profesional promovendo a participación e o desenvolvemento comunitario	A9		
Mediar en situacións de risco e conflito.	A12		
Identificar e emitir xuízos razoados sobre problemas socioeducativos para mellorar a práctica profesional	A14		
Comprender a traxectoria da Educación Social e a configuración do seu campo e identidade profesional.	A16		
Desenvolver unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos.	A20		
Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.		B2	
Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade.		B3	
Deseñar e impulsar espazos socioeducativos en contextos de diversidade atendendo á igualdade de xénero, á equidade e respecto aos dereitos humanos, favorecendo o empoderamento das persoas e colectivos ubicados en situacións de desvantaxe social.		B4	
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			C8
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1

Contidos	
Temas	Subtemas
NÚCLEO I: Unha historia do presente das medidas de regulación, protección e control da infancia.	1.1. A infancia: categoría sociohistórica. 1.2. O sistema tutelar. 1.3. Dos tribunais de nenos ó xulgados de menores.
NÚCLEO II: A infancia e os seus dereitos. Marco lexislativo.	2.1. Precisións terminolóxicas: desprotección, desadaptación e delincuencia. 2.2. O sistema de protección infantil. 2.3. A (in)xustiza de menores.



NÚCLEO III: Adolescencias socialmente conflitivas: O papel das institucións educadoras.	<p>3.1. Infancias postmodernas.</p> <p>3.2. Pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.</p> <p>3.3. Xénero e conflito.</p> <p>3.4. Éxito e fracaso escolar na definición das identidades xuvenís. Transicións ó mundo adulto.</p> <p>3.5. Familias: entre o control e os afectos.</p>
NÚCLEO IV: A educación social no ámbito de menores. Traballando por proxectos	<p>4.1. Da educación especializada á educación social.</p> <p>4.2. Documentos de elaboración interna: Protocolos, plans, programas, proxectos, regulamentos, memorias.</p> <p>4.3. O proxecto educativo individualizado.</p> <p>4.4. A educación en medio aberto.</p>
NÚCLEO V: Problematizando as prácticas educativas: Pistas para innovar.	<p>5.1. Novos retos para a educación social.</p> <p>5.2. Elementos para o deseño dun modelo educativo crítico.</p> <p>5.3. Traballo en rede. Destrezas e competencias profesionais.</p>

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	10	20	30
Eventos científicos e/ou divulgativos	4	4	8
Estudo de casos	4	8	12
Proba mixta	2	7	9
Discusión dirixida	6	6	12
Portafolios do alumno	20	20	40
Sesión maxistral	18	18	36
Atención personalizada	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	As fontes documentais son os referentes conceptuais que se presentarán ao redor dos diferentes núcleos temáticos que vertebran a materia. Utilizaranse documentos audiovisuais e bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos legislativos, etc.) que son relevantes para afondar no temario, con propostas de actividades específicas para o estudo dos mesmos.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Actividades realizadas polo alumnado que implican a asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións...) co obxectivo de afondar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia. Este tipo de actividade será recollida no portafolios.
Estudo de casos	Tendo como referencia a bibliografía e as actividades desenvolvidas na aula, e coas orientacións que a profesora estime oportunas, deseñarase en grupo, un proxecto educativo individualizado que, desde a pedagogía crítica, sitúe no seu núcleo a educación de menores en desprotección e conflito social. As datas para o seu desenvolvemento e sesións de titoría contempladas para este fin, serán acordadas na aula, a proposta da profesora. Ademais de ser incluído no Portafolios, cada grupo expoñerá o seu proxecto co obxecto de compartilo e sometelo a debate e valoración
Proba mixta	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe o remate do curso, na que o alumnado deberá dar resposta ás cuestións formuladas a través dun marco global e integrado dos diferentes núcleos temáticos contemplados nesta guía docente.



Discusión dirixida	Será unha das dinámicas máis utilizadas, para a que se acordará con suficiente antelación as lecturas previas de carácter obrigatorio que, recollendo diferentes argumentacións sobre dunha temática, favoreza o contraste e o debate de opinións fundamentadas e coa finalidade de que o alumnado constrúa unha visión crítica das diferentes formas de interpretar a realidade socioeducativa.
Portafolios do alumno	Dossier ordenado por seccións, debidamente identificadas, paxinadas e cun índice introdutorio que conterá os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado ao longo do semestre. Inclúe o traballo realizado: notas de clases, tarefas desenvolvidas, mapas conceptuais, dificultades atopadas, valoracións, etc. É froito do traballo tutelado e continuo en torno aos diferentes núcleos temáticos que se iniciarán na aula pero que requirirá do traballo autónomo do alumnado, atendendo ás indicacións que se proporcionarán a través de atención personalizada da profesora ós distintos grupos.
Sesión maxistral	Ao comezo de cada núcleo formativo farase unha exposición xeral introdutoria de cada tema, mediante exposición oral e guiada co uso dos recursos pertinentes, destacando os asuntos que precisen dun maior afondamento, así como as orientacións para poderen ser ampliados. Asemade, usaremos o recurso da discusión dirixida, co fin de ollar os prexuízos, valorar os intereses do alumnado, ter en conta as súas contribucións e potenciar a súa participación na construción significativa do coñecemento.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais Portafolios do alumno Estudo de casos	Os grupos de traballo organizaranse a modo de seminarios onde se desenvolverán as diferentes metodoloxías que requiren a presenza e participación do alumnado, así como as lecturas previas traballadas para tal fin. As cuestións a traballar, así como a organización do seminario serán propostas ao comezo de cada núcleo temático. Na organización das clases interactivas asegurarase a rotación do alumnado na constitución dos subgrupos, evitando así grupos fixos nos debates e na análise de documentos.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	Dossier ordenado por seccións, debidamente identificadas, paxinadas e cun índice introdutorio que conterá os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumnado ao longo do semestre. Inclúe o traballo realizado: notas de clases, tarefas desenvolvidas, mapas conceptuais, dificultades atopadas, valoracións, etc. É froito do traballo tutelado e continuo en torno ós diferentes núcleos temáticos que se iniciarán na aula pero que requirirá do traballo autónomo do alumnado, atendendo ás indicacións que se proporcionarán a través de atención personalizada da profesora ós distintos grupos.	30
Estudo de casos	Tendo como referencia a bibliografía e as actividades desenvolvidas na aula, e coas orientacións que a profesora estime oportunas, deseñase en grupo, un proxecto educativo individualizado que, desde a pedagogía crítica, sitúe no seu núcleo a educación de menores en desprotección e conflito social. As datas para o seu desenvolvemento e sesións de titoría contempladas para este fin, serán acordadas na aula, a proposta da profesora. Ademais de ser incluído no Portafol, cada grupo expoñerá o seu proxecto co obxecto de compartilo e sometelo a debate e valoración.	10
Proba mixta	Proba escrita utilizada para a avaliación da aprendizaxe ao remate do curso, na que o alumnado deberá dar resposta ás cuestións formuladas a través dun marco global e integrado dos diferentes núcleos temáticos contemplados nesta guía docente.	60

Observacións avaliación



Atendendo á participación do alumnado na materia, a avaliación contempla dúas opcións:

OPCIÓN A. Para o alumnado que asiste/participa nas actividades de aula (>80%): a) Elaboración dun portafolios grupal no que se recollerán as prácticas propostas, así como aquelas actividades relacionadas coa lectura e análise de materias diversos, as notas relativas aos grupos de discusión e as sesións maxistras (25%). Incluirá asemade a proposta de proxecto educativo (10%) e un informe de autoavaliación individual (5%). Total:40%. b) Exame sen material sobre os contidos da materia (60%).

OPCIÓN B. Para o alumnado que non asiste/participa das actividades de aula (<80%): a) Proba mixta sobre os contidos da materia (80%) b)Recensión e exposición oral dun dos libros da bibliografía básica e que será acordado coa profesora durante o mes de marzo para a convocatoria de xuño e no mes de abril para a de xullo (20%).

En calquera das opcións é preciso obter unha avaliación favorable en cada unha das partes da materia. Asemade nas probas escritas é preciso contestar, cando menos parcialmente, a todas as cuestións formuladas. En caso contrario a cualificación será de Suspenso.

Fontes de información



Bibliografía básica

- HUERTAS, Rafael (2004). "El niño golfo: infancia y delincuencia en el pensamiento médico-social del cambio de siglo? . Valencia: Seminari d'estudis sobre la ciència
- IGLESIAS, Ana (2005). "Xustiza xuvenil e perigosidade social. Unha historia do presente". En Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación
- VARELA, Julia e ÁLVAREZ-URÍA, Fernando (1991). Arqueología de la escuela. Madrid: La Piqueta
- CAMPS, Victoria (2008). Creer en la educación. Península
- STEIMBERG, Shirley e KINCHELOE, Joe (2000). Cultura infantil y multinacionales. Madrid: Morata
- GARCÍA, Jesús (Coord.) (2003). De nuevo, la educación social. Madrid: Dykinson
- ORTEGA, José (1999). Educación Social Especializada. Educación con menores en dificultad y en conflicto social. Barcelona: Ariel.
- VÉLAZ DE MEDRANO, Consuelo (coord.) (2009). Educación y protección de menores en riesgo. Un enfoque comunitario. Barcelona: Graó
- IGLESIAS GALDO, Ana (2008). Educar e castigar. Unha historia do presente da xustiza de menores en Galicia. UDC: Servizo de publicacións
- MELENDRO, Miguel (2010). El tránsito a la vida adulta de los jóvenes en dificultad social. Madrid: UNED
- CONNELL, Robert. W (1997). Escuelas y justicia social. Madrid: Morata
- DELVAL, Juan (2006). Hacia una escuela ciudadana. Madrid: Morata
- AMORÓS, Pere e AYERBE, Pello (ed.) (2000). Intervención educativa en inadaptación social. Madrid: Síntesis
- VÉLAZ DE MEDRANO, Consuelo (2002). Intervención educativa y orientadora para la inclusión social de menores en riesgo, Factores escolares y socioculturales. Madrid: UNED
- BERGALLI, Roberto e RIVERA, Iñaki (Coords.) (2007). Jóvenes y adultos. El difícil vínculo social. Barcelona: Anthropos
- LLENA, Asun e PARCERISA, Aran (2008). La acción socioeducativa en medio abierto. Fundamentos para la reflexión y elementos para la práctica. Barcelona: Grao
- DUBET, Francois (2005). La escuela de las oportunidades. ¿Qué es una escuela justa? . Barcelona: Gedisa
- TORRES, Jurjo (2011). La justicia curricular. El caballo de Troya de la cultura escolar. Madrid: Morata
- WACQUANT, Loïc (2000). Las cárceles de la miseria. Madrid: Alianza
- CASTEL, Robert (2003). L'insécurité sociale. Qu'est-ce qu'entre protégé?. Du Seuil et La République des Idées
- BRULLET, Cristina e GÓMEZ-GRANELL, Carme (Coord.) (2008). Malestares: infancia, adolescencia y familias. Barcelona: Graó
- SANTOLARIA, Félix (1997). Marginación y educación. Historia de la educación social en la España moderna y contemporánea. Barcelona: Ariel
- TORRES SANTOMÉ, Jurjo (2008). Multiculturalismo anti-racista. Porto: Profeduc,oes
- RUIZ, Cándido (2004). Protección a la Infancia en España. Valencia: Universitat de València
- PERDIGUERO, Enrique (comp.) (2004). Salvad al niño. Estudios sobre la protección a la infancia en la Europa Mediterránea a comienzos del siglo XX. Valencia: Seminari d'estudis sobre la ciència.
- ÁLVAREZ-URÍA e VARELA, Julia (2009). Sociología de las instituciones. Bases sociales y culturales de la conducta. Madrid: Morata
- FEIXA, Carles (2005). "De la adolescencia a la adulescencia? . Cuadernos de Pedagogía, nº 342
- CASTEL, Robert (1996). "De la exclusión como estado a la vulnerabilidad como proceso? . En Archipiélago, nº 21
- FUNES, Jaume (2005). "El mundo de los adolescentes: propuestas para observar y comprender? . Revista de Educación Social, nº 29
- BODELÓN, Encarna (2003). "La construcción de la exclusión femenina: el papel del derecho penal? . Valencia: Tirant lo blanch alternativa



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- GRUPO DE INVESTIGACIÓN INFANCIA, ADOLESCENCIA Y FAMILIA (2008). . Cantabria: Dirección general de políticas sociales- COLEXIO DE EDUCADORAS E EDUCADORES DE GALICIA (2007). 2º Escola de Primavera. Educación social e servizos sociais. Santiago: CEESG- AMORÓS, P. e PALACIOS, J. (2004). Acogimiento familiar. Madrid: Alianza- WILLIS, Paul (1988). Aprendiendo a trabajar. Como los chicos de clase obrera consiguen trabajos de clase obrera. Madrid: Akal- LEBRERO, Mº Paz (2005). Atención a la infancia en riesgo y dificultad social . Madrid: UNED- SUÁREZ, José Manuel (1998). Centros de menores, de onte a hoxe. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia- MACHADO, José (2007). Chollos, chapuzas, changas. Jóvenes, trabajo precario y futuro. Madrid: Anthropos.- CONVENCIÓN SOBRE LOS DERECHOS DEL NIÑO (1989). Convención sobre los Derechos del Niño . Naciones Unidas- GARCÍA, Jesús (2003). Dar (la) palabra. Deseo, don y ética en educación social . Barcelona: Gedisa- CARIDE, José Antonio e TRILLO ALONSO, Felipe (directores) (2010). Diccionario galego de Pedagogía. Santiago de Compostela: Galaxia- ASEDES (2007). Documentos profesionalizadores. Barcelona: Asociación Estatal de Educación Social- RUIZ, Cándido (2003). Educación social: viejos usos y nuevos retos. Valencia: Universidad de Valencia- FERNÁNDEZ ENGUITA, Mariano (2001). Educar en tiempos inciertos. Madrid: Morata- GIMENO, José (2003). El alumno como invención. Madrid: Morata- FUNES, Jaume (2008). El lugar de la infancia: parentalidad, apego y resiliencia . Barcelona: Gedisa- ARIES, F. (1987). El niño y la vida familiar en el Antiguo Régimen. Madrid: Taurus- PÉREZ, Gloria (2000). Elaboración de proyectos sociales . Madrid: Narcea- VIÑAO, Antonio (2004). Escuela para todos. Educación y modernidad en la España del siglo XX. Madrid: Marcial Pons- GOFFMAN, Erving (1972). Internados. Ensayos sobre la situación actual de los enfermos mentales (2º ed). Buenos Aires: Amorrortu- CERBINO, Mauro (2006). Jóvenes en la calle. Cultura y conflicto. Madrid: Anthropos.- LLENA A. e PARCERISA, A. (2008). La acción socioeducativa en medio abierto. Barcelona: Graó- GONZÁLEZ, Montserrat (1998). La atención socioeducativa a los marginados asturianos (1900-1939) . Principado de Asturias.- SENNET, Richard (2000). La corrosión del carácter. Las consecuencias personales del trabajo en el nuevo capitalismo. . Barcelona: Anagrama- TRINIDAD FERNÁNDEZ, Pedro (1991). La defensa de la sociedad. Cárcel y delincuencia en España (siglos XVIII-XX). Madrid: Alianza- GEE, James Paul (2005). La ideología en los discursos. Madrid: Morata- DÁVILA, Paulí e NAYA, Luís M. (2005). La infancia en la historia: espacios y representaciones. Donostia: Erein- DE LEO, Gaetano (1985). La justicia de menores. Barcelona: Teide.- DONZELOT, Jacques (1998). La policía de las familias. Valencia: Pre- Textos.- BRAGA, Gloria (coord.) (2007). La situación de la infancia y la adolescencia en Asturias. Oviedo: Principado de Asturias- CARIDE, José Antonio (2005). Las fronteras de la Pedagogía social. Perspectivas científica e histórica. Barcelona: Gedisa- FOUCAULT, Michel (2001). Los anormales. Madrid: Akal- CASTEL, Robert (2003). L'insécurité sociale. Qu'est-ce qu'être protégé?. . Du Seuil et La République des Idées- CONSEJERÍA DE EMPLEO Y BIENESTAR SOCIAL, GOBIERNO DE CANTABRIA (2008). Manual Cantabria 5. Modelo de Intervención e Acogimiento Residencial. Cantabria: Dirección General de Políticas Sociales- PANCHÓN, Carme (1998). Manual de Pedagogía de la Inadaptación Social . Barcelona: Durac- VALEDOR DO POBO (2007). Menores vulnerables: desprotección e responsabilidade penal. Informe extraordinario . A Coruña: Valedor do Pobo- GORZ, André (1998). Miserias del presente, riqueza de lo posible. Barcelona: Paidós
------------------------------------	---



- ORT, Carme e MARCH, Martí (1996). Pedagogía de la inadaptación social . Valencia: Nau Llibres
- GÓMEZ-GRANELL, Carmen; GARCÍA, Mercé, RIPOL-MILLET, Alex e PANCHÓN, Carme (2005). Plan estratégico nacional de infancia y adolescencia 2007-2009. Plan nacional de infancia y adolescencia. Madrid: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.
- SMALE, Geral; TUSON, Graham e STATHAM, Daphne (2003). Problemas sociales y trabajo social. Madrid: Morata
- PERDIGUERO, Enrique (comp.) (2004). Salvad al niño. Estudios sobre la protección a la infancia en la Europa Mediterránea a comienzos del siglo XX. Valencia: Seminari d'estudis sobre la ciència
- BERGALLI, Roberto (2003). Sistema penal y problemas sociales. Valencia: Tirant lo blanch
- VARELA, Julia e ÁLVAREZ-URÍA, Fernando (1989). Sujetos frágiles. Ensayos de sociología de la desviación. Fondo de cultura económica: Paideia
- VARELA, Julia e ÁLVAREZ-URÍA, Fernando (1989). Sujetos frágiles. Ensayos de sociología de la desviación. Fondo de cultura económica: Paideia
- HEALY, Karen (2001). Trabajo social: Perspectivas contemporáneas. Madrid: Morata.
- BAUMAN, Zygmunt (1999). Trabajo, consumismo y nuevos pobres. Barcelona: Gedisa
- BAUMAN, Zygmunt (2005). Vidas desperdiciadas. La modernidad y sus parias. Barcelona: Paidós
- FOUCAULT, Michel (1996). Vigilar y castigar. Madrid: Siglo XXI (10ª Ed. España).
- GUASCH, Montserrat e PONCE, Carmen (2002). ¿ Qué significa intervenir educativamente en desadaptación social? . Barcelona:ICE-HORSORI



Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías